Quero ser investigadora

Universidade de Vigo

6



Lucía Díaz Vilariño

Edición
Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección
Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística
Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión
Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2026

D.L.
VG 190-2026

ISBN
978-84-1188-103-6

Desenvolve a publicación en lectura fácil
Asociación

Equipo validador
Nome Apelido Apelido
Nome Apelido Apelido
Nome Apelido Apelido

Autora das ilustraciones de portada
Alba Casanova

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

Lucía Díaz Vilariño

Eu nacín nunha aldea de Vilalba.

Alí aprendín que nos lugares pequenos
tamén teñen historias.

Na miña casa líase moito.
Ler era algo que faciamos xuntos,
e os libros pasaban dun cuarto a outro.

Cando apagabamos a luz, as palabras quedaban na nosa mente.

Grazas a esas lecturas, aprendín a
entender mellor o mundo e a organizar as ideas e a relacionar cousas.





A vida foi levándome dun sitio a outro: Lugo, Santiago, Vigo e outros países como Holanda, Portugal, Reino Unido, Alemaña, Italia e Australia.

Así aprendín que todo depende do lugar e do contexto. Fixéronme pensar que a ciencia pode entenderse se se explica ben.

Así cheguei á enxeñaría e ao traballo con **datos** en tres dimensións.

Isto significa transformar datos en imaxes ou modelos que se poidan entender.

Datos

Os datos son informacións básicas sobre algo, que podemos recoller, gardar e usar para entender mellor as cousas.

Por exemplo: a túa idade, o teu nome ou a túa altura son datos.

A temperatura dun día ou o número de persoas nunha clase tamén son datos.

Traballo con **nubes de puntos**.

Non son nubes de choiva, son datos.

Son puntos que recolle un láser
para representar a realidade.


Os datos, por si sós, non din nada.

Hai que analizalos para darlles sentido.

Cando se interpretan ben,
os datos serven para:

—prever problemas explicar situacións
—coidar edificios e infraestruturas

Tamén axudan a entender como
vivimos nos espazos.



Nubes de puntos

Conxunto de moitos puntos pequenos, unha forma de representar información con puntos nun espazo.

Cada punto ten unha posición, como nun mapa.
Xuntos, todos os puntos forman unha figura ou un obxecto.

Exemplos sinxelos:

Un escáner 3D usa nubes de puntos para crear a forma dunha casa.

Para entendelo mellor:

Imaxina que fas moitas fotos dun obxecto e marcas puntos importantes. Se xuntas todos eses puntos, poderías ver a forma do obxecto.

En resumo:

Unha nube de puntos é un grupo de puntos que, xuntos, axudan a ver ou medir algo.

Cada día penso como analizar mellor os datos.

Antes cría que o importante era
só ter resultados.

Agora sei algo importante:

se non **explicas un resultado**,
é como se non existise.

As ideas que non se comparten
quedan pechadas,
como casas sen portas.

Os resultados dunha investigación

Son a parte na que se explica
que se descubriu despois de
facer un estudo ou experimento.

Son datos e información que se obteñen
ao investigar algo. É dicir:
Que pasou? Que atopamos? Que vimos?

Os resultados poden mostrarse de
varias formas: con números (medidas,
cantidades), con táboas, con gráficas ou
con frases claras e simples

Lembra que nos resultados:


—Non se opina

—Non se explica por que pasou

Só se di o que se observou

Resumo

Os resultados dunha investigación son:
a información que se obtén
despois de estudar algo,
sen dar opinións.



Para min, investigar é unha
forma de mirar o mundo:
con curiosidade, con rigor e
con compromiso.

Non hai un único camiño na vida.

Aínda que todo pareza decidido, sempre
pode haber cambios.

E ás veces, neses cambios inesperados,
é onde todo cobra sentido.

Universidade Vigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

FECYT
INNOVACIÓN